

In Memoriam**Comité de Redacción de Recursos Rurais****Rafael Crecente Maseda
In Memoriam**

© IBADER- Universidade de Santiago de Compostela 2015

O 1 de xullo do presente ano falecía o noso compañeiro Rafael Crecente Maseda tras unha longa enfermidade. Rafael, naceu en Muimenta (Cospeito, Lugo) de onde pasou a residir coa súa familia na Coruña, e posteriormente cursar os seus estudos universitarios de agronomía en Madrid. Finalizados estes, incorporouse ao mundo empresarial, para integrarse ao pouco tempo na Universidade de Santiago como investigador e profesor.

A súa personalidade e a súa visión holística do territorio levoulle a asumir numerosos proxectos e responsabilidades no Campus de Lugo. Probablemente as máis queridas foron as vencelladas coa creación de grupo de investigación do Laboratorio do Territorio (LaboraTe) e da plataforma tecnolóxica do Sistema de Información Territorial (SIT). Co tempo o LaboraTe, sen perder a súa esencia, actuou como catalizador dun dos poucos grupos de investigación de referencia competitiva do Campus de Lugo, o GI-1934 Territorio - Biodiversidade, adscrito ao IBADER. Mentres que o SIT desenvolve a súa potencialidade a través de numerosas iniciativas demandadas polas administracións públicas e as entidades privadas. A súa inquietude por fortalecer nos novos titulados as técnicas e coñecementos vinculados coa xestión territorial, levoulle a impulsar e coordinar o Máster Universitario en Xestión Sostible da Terra e do Territorio.

Foron anos de profundo traballo, de complementariedade con outros grupos e centros de investigación, de formación de novas xeracións de técnicos e científicos, de incorporación e desenvolvemento de novas tecnoloxías. Os proxectos, publicacións e teses centrados en Galicia, complementáronse con outros desenvolvementos en afastadas terras, especialmente na Europa Central e do Leste, ou en América, sendo nomeado consultor da oficina rexional da FAO en Budapest e profesor convidado na Universidade de Múnich.



A pesar das súas numerosas ocupacións, sempre buscaba un oco para poder charlar e tratar de involucrarse en novas disputas científicas. Así como para reflexionar sobre os retos e oportunidades que se abrían ao rural galego ante un escenario cada vez máis global e cambiante. Coa súa marcha prematura, a comunidade universitaria perde a un dos seus máis brillantes adalides. Os que o coñecemos, o botaremos sempre en falla, aínda que sempre nos quedará o legado que deixou o seu xeito “para crear comunidade e facer país”.

Sit tibi terra levi

O Comité de Redacción de Recursos Rurais
Lugo, decembro 2015